

PLAN DIRECTOR DE PATROCINIOS DO XACOBEO 2027

I.	Introdución.....	2
II.	Finalidade.....	3
III.	Obxectivos.....	5
IV.	Principios transversais.....	8
V.	Ámbitos de actuación. Liñas básicas de programación.....	9
VI.	Gobernanza e coordinación.....	11
VII.	Procedemento de xestión e tramitación dos patrocinios.....	12
VIII.	Criterios de avaliación e selección.....	16
IX.	Recursos e financiamento.....	19
X.	Calendario de execución.....	20
XI.	Seguimento e avaliación.....	21
XII.	Transparencia e mellora continua.....	21



O presente Plan Director de Patrocinios do Xacobeo 2027 ten como finalidade recompilar, sistematizar e facer explícitos os criterios e procedementos que a administración autonómica, vén aplicando na xestión dos patrocinios, cando estes se financian con fondos públicos. Trátase de ordenar e documentar de maneira coherente prácticas xa existentes, dotándoas dun marco común que reforce a seguridade e a previsibilidade das decisións neste ámbito.

O Plan configura un marco específico para os patrocinios asociados ao Xacobeo 2027, sen prexuízo das programacións ordinarias que continúen desenvolvendo os departamentos competentes en materia cultural, turística e doutras áreas relacionadas, no exercicio das súas respectivas competencias. Deste xeito, garántese que a política de patrocinios vinculada ao Xacobeo se desenvolva con criterios homoxéneos, sen invadir nin substituír as liñas de programación xa existentes.

Ao mesmo tempo, o Plan concibe o patrocinio como un instrumento estratéxico de política cultural e turística, orientado a maximizar o retorno económico, social e reputacional dos recursos públicos e a fortalecer a proxección exterior de Galicia. Neste contexto, procura tamén visibilizar e prestixiar o talento artístico e creativo galego, facilitando a súa presenza en circuítos culturais e mediáticos de ámbito estatal e internacional e contribuíndo a consolidar Galicia como destino cultural de referencia.

I. Introducción

O Xacobeo 2027 constitúe un acontecemento de excepcional relevancia cultural, social e económica, chamado a proxectar Galicia no ámbito internacional como un destino singular, asociado á tradición do Camiño de Santiago pero tamén á innovación, á creatividade e á capacidade de organización de grandes eventos. A magnitude do Xacobeo require un marco de actuación que vaia máis aló da mera sucesión de iniciativas illadas, para configurar unha programación integrada, coherente e sometida a criterios avaliáveis de planificación e execución.



A evidencia dispoñible mostra que os grandes eventos culturais xeran externalidades positivas de amplo espectro: impacto económico directo (consumo turístico, emprego, contratación de servizos), impacto indirecto (efecto arrastre sobre cadeas de subministración) e impacto inducido (incremento da capacidade de gasto dispoñible e do consumo local). Ademais, producen un efecto intanxible, pero non menos relevante, de proxección da imaxe de Galicia, mellorando o seu posicionamento en mercados nacionais e internacionais altamente competitivos. A política cultural e turística de Galicia vén demostrando que os recursos culturais poden transformarse en produtos rendibles, sostibles e innovadores, xeradores de riqueza e capaces de engadir valor á oferta turística e á imaxe exterior da comunidade.

O patrocinio, entendido como unha fórmula de cooperación público-privada, representa unha das ferramentas máis eficaces e eficientes para potenciar este efecto multiplicador. Trátase dunha das fórmulas de promoción con maior retorno sobre a inversión, razón pola que os gobernos e as entidades de promoción deciden apoiar este tipo de eventos polo seu impacto mediático e a súa capacidade de multiplicar o investimento inicial. A súa utilización permite optimizar o uso de recursos públicos mediante a mobilización de capital privado, ao tempo que asegura a imaxe e notoriedade institucional da Comunidade Autónoma de Galicia, a través das marcas da utilización da identidade institucional da Xunta de Galicia e as marcas Galicia Calidade e Xacobeo 2027 nos principais circuítos culturais, turísticos e mediáticos. Para que este instrumento cumpra a súa función, resulta convinte que a súa xestión se basee en principios de concorrencia, igualdade de oportunidades, publicidade e transparencia, e seguridade xurídica, garantindo a coherencia e trazabilidade das decisións adoptadas.

II. Finalidade

O presente Plan Director de Patrocinios ten como finalidade ordenar e estruturar a política de patrocinios vinculada ao Xacobeo 2027, servindo de marco común para a súa planificación, execución e avaliación. Preténdese que o patrocinio transcenda a



mera colaboración económica e se configure como un instrumento estratéxico de política cultural e turística, orientado ao desenvolvemento sostible, á cohesión territorial e á proxección exterior de Galicia.

O Plan Director constitúe o marco específico para a programación dos patrocinios vinculados ao Xacobeo 2027, que aplicará a administración autonómica, a través das consellerías ou entidades competentes en materia turística, cultural ou outras materias relacionadas, sen prexuízo das programacións ordinarias que continúen desenvolvendo estes departamentos e entidades. Polo tanto, este instrumento ordena exclusivamente os patrocinios asociados ao Xacobeo, respectando en todo momento a autonomía programática e operativa das políticas culturais e turísticas da Xunta de Galicia.

O ámbito deste Plan Director refírese aos patrocinios entendidos como aqueles contratos privados onerosos nos que a administración procede a aportar financiación para contribuír á realización dun evento, actividade ou iniciativa concreta e singular a cambio da obriga do patrocinado de difundir o nome, marca ou mensaxes da administración patrocinadora no marco desa actividade na forma que se determine no contrato. A finalidade para a administración será a de obter un retorno publicitario, en termos de proxección e promoción de Galicia como destino turístico e de promoción do ano santo Xacobeo.

Polo tanto o presente Plan Director non será de aplicación a outras figuras que non teñan por causa a indicada contraprestación publicitaria ou finalidade de promoción de Galicia e do Xacobeo, como aquelas que se instrumenten mediante axudas ou subvencións a actividades de interese xeral, ou mediante convenios de colaboración en que as partes teñan fins comúns.

En particular, este Plan Director, vai dirixido á selección de eventos de gran impacto. Polo tanto, os eventos, actividades e iniciativas patrocinadas deberán consistir en representacións ou actuacións concretas, singulares ou únicas polo seu obxecto no seu xénero, con identidade propia atendendo ás súas características,



por razóns artísticas, técnicas ou de protección de dereitos exclusivos, aspectos que deberán xustificarse en cada caso.

III. Obxectivos

O Plan Director de Patrocinios do Xacobeo 2027 persegue consolidar unha política ordenada, coherente e estratexicamente orientada de colaboración público-privada, que permita reforzar a proxección da imaxe e notoriedade da Comunidade Autónoma de Galicia nos principais circuítos culturais, turísticos e mediáticos. A súa finalidade última é garantir que cada patrocinio responda a criterios de igualdade de oportunidades, publicidade e transparencia, e seguridade xurídica, ao tempo que contribúe a maximizar o impacto económico, social, cultural e reputacional das accións emprendidas.

O Plan Director articúlase arredor de tres principios estratéxicos que orientan o conxunto das actuacións:

- Dotar de coherencia estratéxica e previsión ao conxunto das accións de patrocinio, evitando a fragmentación de iniciativas, favorecendo a complementariedade dos proxectos e garantindo unha programación coordinada entre as distintas áreas da Administración autonómica.
- Maximizar o retorno social, económico, cultural e reputacional de cada patrocinio, garantindo un uso eficiente dos recursos públicos e promovendo a mobilización de recursos privados mediante fórmulas de colaboración público-privada.
- Reforzar a imaxe e notoriedade institucional da Comunidade Autónoma de Galicia a través das marcas da utilización da identidade institucional corporativa da Xunta de Galicia e as marcas Galicia Calidade e Xacobeo 2027, asegurando a súa presenza cualificada nos principais circuítos culturais, turísticos e mediáticos, tanto a nivel nacional como internacional.

Neste marco, os obxectivos concretos son os seguintes:

1. Planificación e eficiencia



Optimizar o uso dos recursos públicos, anticipando necesidades e determinando ámbitos prioritarios de actuación, de modo que cada investimento público en patrocinios xere o maior retorno económico, social, cultural e reputacional posible.

2. Igualdade de oportunidades e gobernanza

Establecer criterios avaliáveis de selección das propostas, que garantan a igualdade de oportunidades, a concorrência e a seguridade xurídica, reforzando a lexitimidade institucional.

Garantir que a política de patrocinios se desenvolva baixo os principios de publicidade e transparencia, cooperación e eficiencia, en coherencia coas boas prácticas de gobernanza.

Consolidar estabilidade e confianza institucional, dotando á programación de patrocinios dunha planificación recoñecida e compartida que proporcione seguridade xurídica e confianza aos operadores implicados e á sociedade.

3. Colaboración público-privada e profesionalización

Favorecer a participación de operadores privados profesionais, asegurando que a organización dos eventos recaia en entidades que garantan calidade, seguridade e impacto, asumindo estes a responsabilidade plena da organización e produción dos eventos, incluíndo a obtención de permisos, licenzas e dereitos de propiedade intelectual correspondentes.

Impulsar a colaboración público-privada, favorecendo a creatividade e a innovación mediante procedementos abertos que permitan incorporar valor engadido ás programacións e proxectar Galicia como destino cultural de referencia.

4. Creación de valor público

Incorporar criterios de innovación, sostibilidade, igualdade e impacto territorial, en coherencia cos valores do Xacobeo e coas políticas públicas da Xunta de Galicia, de maneira que os patrocinios contribúan ao desenvolvemento sostible e á cohesión territorial. Promover, asemade, a visibilización de boas prácticas de sostibilidade



social e medioambiental, que sirvan de referencia para o sector cultural e turístico galego.

5. Avaliación e retorno

Asegurar un retorno avaliable e medible en todas as dimensións:

- Económica: incremento do gasto turístico, creación de emprego, dinamización empresarial e investimento no territorio.
- Social e cultural: fortalecemento das industrias culturais e creativas, vertebración territorial, participación cidadá e prestixio nacional e internacional dos creadores galegos.
- Reputacional: proxección exterior de Galicia, posicionamento en mercados culturais e turísticos.

Para garantir unha aplicación ordenada e verificable destes obxectivos, o Plan Director incorpora un procedemento común que se desenvolverá en fases sucesivas -convocatoria pública, presentación de propostas, avaliación e selección de propostas, formalización dos contratos e seguimento-, asegurando a igualdade de oportunidades entre operadores e a trazabilidade das decisións.

A participación da Xunta de Galicia nos patrocinios terá carácter complementario, de modo que sexan os propios operadores quen propoñan os proxectos e a estrutura de patrocinio prevista, mobilizando recursos privados e garantindo a súa corresponsabilidade financeira.

A Administración actuará unicamente como patrocinadora, sen asumir funcións de organización ou coorganización. Corresponderá aos operadores seleccionados a responsabilidade plena da produción, execución e obtención de permisos, licenzas e dereitos de propiedade intelectual.

A Xunta de Galicia poderá axustar as contías complementarias en función da calidade, da viabilidade das propostas e do grao de cumprimento dos criterios de avaliación establecidos.



Co fin de asegurar a viabilidade económica dos proxectos e preservar o carácter complementario da achega pública, a convocatoria poderá valorar a existencia de acordos ou compromisos efectivos de colaboración e financiamento adicional procedente doutras fontes (públicas ou privadas) incluíndo os ingresos propios derivados da explotación do evento ou achegas doutras entidades patrocinadoras ou colaboradoras. Estas fontes adicionais non terán carácter exclusivo nin obrigatorio, pero contribuirán a acreditar a solvencia e corresponsabilidade financeira dos operadores.

IV. Principios transversais

A política de patrocinios do Xacobeo 2027 rexerase por un conxunto de principios transversais que dotan de coherencia, integridade e lexitimidade todo o proceso:

- Transparencia e publicidade: tanto a convocatoria como os seus resultados serán obxecto de publicación nos canais oficiais.
- Cláusula moral e reputacional: os patrocinios quedarán condicionados ao respecto dos valores e principios que rexen a xestión na Xunta de Galicia, podendo establecerse mecanismos de resolución anticipada no caso de prácticas empresariais ou condutas que lesionen a imaxe institucional.
- Igualdade e inclusión: promoverase a integración de criterios de diversidade, accesibilidade universal e non discriminación en todos os proxectos.
- Innovación e dixitalización: promoverase a incorporación de prácticas innovadoras, procesos creativos e solucións tecnolóxicas avanzadas en todas as fases dos proxectos patrocinados, favorecendo a modernización, a eficiencia e a competitividade da oferta cultural e turística galega.
- sostibilidade e cohesión territorial: garantirase que todos os proxectos integren criterios ambientais, sociais e económicos que contribúan ao desenvolvemento sostible, ao equilibrio territorial, á igualdade e á inclusión social, reforzando o compromiso do Xacobeo cun modelo de crecemento responsable e vertebrador.
- Diversidade do tecido empresarial e equilibrio competitivo: favorecerase unha distribución equilibrada das oportunidades de patrocinio, promovendo a



participación dun número plural de operadores económicos e evitando unha concentración excesiva nun número reducido de entidades, sempre dentro do respecto aos principios de igualdade, concorrência e eficiencia.

O Plan abrangue todo o territorio galego, cun foco natural nas grandes cidades (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Vigo e Santiago) sen prexuízo do impulso específico a propostas específicas que vertebran o territorio, dinamicen contornas rurais e fortalezan a programación cultural e turística vinculada ás rutas do Camiño.

Así mesmo, poderanse apoiar de forma excepcional accións ou eventos fóra de Galicia cando estes contribúan de forma acreditada á proxección exterior de Galicia ou cando reforcen a colaboración con outras comunidades ou territorios polos que discorren as rutas xacobeas.

V. Ámbitos de actuación

Co fin de asegurar unha programación equilibrada e coherente, o Plan Director identifica unha serie de ámbitos prioritarios de actuación que recollen os eixos culturais, sociais e económicos sobre os que debe artellarse a estratexia de patrocinios do Xacobeo 2027. Estes ámbitos constitúen a estrutura de referencia que orientará a programación, garantindo que cada iniciativa contribúa aos obxectivos xerais do evento e aos valores da Xunta de Galicia:

- Cultura, considerando en particular a celebración de actuacións musicais e artísticas.
- Divulgación, exposicións e edición
- Patrimonio material e inmaterial
- Turismo e eventos singulares de proxección internacional
- Deporte e vida saudable
- Innovación e creatividade



En conxunto, estes ámbitos de actuación permiten artellar unha programación diversa, coherente e integradora, que combina tradición e modernidade, patrimonio e innovación, cultura e turismo, convertendo o Xacobeo 2027 nun escaparate internacional da identidade galega e das súas potencialidades como destino cultural e económico de referencia. Sobre estes ámbitos defínense as liñas básicas de programación que orientarán a presentación de propostas.

Liñas básicas de programación

No marco dos ámbitos prioritarios definidos, o Plan Director de Patrocinios establece unhas liñas básicas de programación que servirán como referencia para orientar a presentación de propostas por parte dos operadores económicos. Trátase dunha formulación inicial e non exhaustiva, que marca prioridades pero deixa espazo á creatividade, á innovación e á incorporación de iniciativas singulares que enriquezan a programación do Xacobeo 2027.

As seguintes tipoloxías constitúen as prioridades identificadas pola Administración, sen prexuízo doutras propostas innovadoras que, respectando os valores do Xacobeo, poidan ser formuladas polos operadores. Neste contexto, as liñas básicas son as seguintes:

- **Eventos culturais urbanos.** Celebración de actuacións musicais e artísticas de primeiro nivel en cidades galegas de referencia, favorecendo a súa proxección como destinos culturais e turísticos. Estes eventos contribuirán á dinamización económica e social das contornas urbanas, reforzando a imaxe de Galicia como símbolos de modernidade e apertura internacional.
- **Eventos culturais de referencia.** Apoio a festivais profesionais de música, teatro, danza, cinema ou literatura. Estes eventos deben funcionar como motores de atracción turística e como escaparates do talento cultural galego, asegurando un impacto reputacional e económico significativo.
- **Eventos singulares de proxección nacional e internacional.** Organización de actos culturais ou institucionais capaces de atraer a atención dos medios de



comunicación nacionais e internacionais, e de reforzar a posición de Galicia como destino estratéxico no mapa global.

- **Encontros, congresos e foros temáticos.** Celebración de congresos, encontros profesionais e foros de debate arredor da cultura, o turismo, a innovación e o Camiño de Santiago, concibidos como espazos de intercambio de coñecemento e xeración de redes de colaboración internacional.
- **Actividades deportivas vinculadas ao Camiño de Santiago.** Impulso de probas deportivas (carreiras, marchas, eventos náuticos ou de natureza) que promovan hábitos de vida saudable e que contribúan á vertebración territorial, reforzando a vinculación entre deporte, turismo e valores do Camiño.
- **Iniciativas innovadoras e creativas.** Incorporación de proxectos que, respectando os valores do Xacobeo, aporten formatos orixinais, novas tecnoloxías de produción ou experiencias inmersivas, permitindo diferenciar a programación galega e posicionar a imaxe da Comunidade Autónoma de Galicia como referente de innovación cultural e turística.

Estas liñas constitúen o marco orientador inicial, de carácter aberto, sobre o que os operadores económicos poderán presentar as súas propostas, que serán avaliadas conforme aos criterios de selección e procedementos previstos neste Plan Director.

VI. Gobernanza e coordinación

Co fin de asegurar a coherencia estratéxica e a adecuada coordinación administrativa, establécese unha estrutura de gobernanza que integra dous niveis complementarios:

Nivel estratéxico (gobernanza interdepartamental)

- *Comité interdepartamental de coordinación:* Grupo de traballo integrado por representantes das áreas de Cultura, Turismo e Medios da Xunta de Galicia, sen prexuízo da participación doutras unidades que a Administración considere oportunas.

Nivel operativo (órganos de xestión)



- *Unidade técnica de xestión de patrocinios*: estrutura administrativa de carácter interdepartamental, integrada por persoal técnico das áreas de Cultura, Turismo, e Medios -e doutras que se consideren necesarias-, garantindo a continuidade operativa da gobernanza transversal establecida polo Comité Interdepartamental. Esta unidade prestará apoio común e especializado na coordinación dos procedementos, na relación cos operadores, na comprobación documental e no seguimento dos compromisos, sen prexuízo de que a tramitación dos correspondentes contratos corresponda aos departamentos competentes en cada caso.
- *Comisión Avaliadora*: órgano especializado que examinará as propostas conforme aos criterios definidos no Plan Director. A súa composición e nomeamento deberá respectar sempre a competencia técnica e o equilibrio entre as unidades implicadas. Poderán incorporarse persoas expertas alleas á Administración autonómica con experiencia contrastada nos ámbitos cultural, turístico, comunicativo ou de xestión de patrocinios, co fin de reforzar a solvencia do proceso de avaliación.

VII. Procedemento de xestión e tramitación dos patrocinios

O Plan Director de Patrocinios do Xacobeo 2027 prevé un proceso público ordenado de captación, selección e formalización das iniciativas de patrocinio, garantindo en todo momento a concorrência, a igualdade de oportunidades, a publicidade e transparencia, e a seguridade xurídica.

O procedemento estrutúrase nas seguintes fases:

- *Convocatoria pública*. A Axencia de Turismo de Galicia publicará a convocatoria correspondente, indicando os ámbitos prioritarios, as liñas básicas de programación e as condicións xerais de participación.
A finalidade da convocatoria, por tanto é a de dar a coñecer, de acordo cos principios establecidos no Plan Director de Patrocinios do Xacobeo 2027, os ámbitos preferentes de actuación, as liñas de programación e os aspectos que



se terán en conta para a avaliación das propostas para a concertación dos patrocinios no contexto do Xacobeo 2027, de tal modo que permita a todos os operadores económicos presentar as súas iniciativas para que sexan tidas en conta pola administración e permitirlle adoptar a esta, no seu caso, tras a súa avaliación, unha decisión sobre os máis idóneos e o eventual inicio dos correspondentes expedientes contractuais de patrocinio dos eventos.

- *Presentación de propostas.* Os operadores interesados deberán presentar as súas iniciativas, proxectos ou ideas no prazo establecido, acompañadas da documentación requirida e dunha declaración responsable de cumprimento dos requisitos establecidos neste Plan Director.

A presentación da proposta na presente fase non outorga, en ningún caso, dereito ou preferencia na eventual contratación ulterior, reservándose a administración autonómica a facultade de iniciar ou de non de iniciar o correspondente procedemento de contratación, a través das consellerías ou entidades competentes, e o seu dereito a determinar o evento, actividade ou representación artística máis idónea e apta para as finalidades que pretende.

Deste modo, a presentación polos operadores económicos das súas propostas na presente fase se efectúa só a efectos de que a administración autonómica dispoña de información para formar a súa vontade contractual, polo que estes non quedan vinculados a formular a súa proposición no eventual procedemento de contratación posterior, nin a que esta teña un contido determinado, se non que deberán decidilo á vista das condicións que se recollan na invitación a presentar oferta e nos correspondentes pregos, no seu caso. Do mesmo xeito, a administración autonómica non se ve vinculada na definición das condicións do evento polo proxecto concreto presentado polos operadores económicos, se non que poderá determinar as que estime pertinentes, e negociar cos operadores de acordo co previsto na Lei de contratos do sector público, no seo do correspondente procedemento negociado posterior.

- *Avaliación.* As propostas serán analizadas pola Comisión Avaliadora determinada na convocatoria. A Comisión Avaliadora emitirá para a



administración autonómica un informe motivado sobre as diferentes propostas presentadas de acordo cos criterios expresados na convocatoria, sen prexuízo de que esta, aos efectos de formar a súa vontade e decidir se procede á contratación, poida pedir outros informes ou opinións. O informe, en particular, será analizado polo Comité interdepartamental de coordinación, aos efectos de articular a acción da Axencia de Turismo de Galicia coa das consellerías ou entidades concernidas de acordo coa materia e natureza do evento e evitar duplicidades nas súas accións.

O informe realizado incluírase no expediente do procedemento de contratación ulterior, no caso de iniciarse este, aos efectos de xustificación da idoneidade do obxecto do contrato, da súa aptitude para satisfacer as necesidades da administración, e da utilización do procedemento negociado sen publicidade.

Os participantes no procedemento poderán solicitar copia do informe realizado sobre a súa proposta, sen prexuízo do necesario respecto ao que se indique na convocatoria sobre a garantía da confidencialidade das propostas.

- *Decisión sobre o inicio dos correspondentes procedementos contractuais.* Unha vez finalizado o proceso de estudo e análise contemplado no apartado anterior, a administración autonómica disporá da información necesaria para formarse un xuízo sobre os proxectos presentados e determinar os máis idóneos para a finalidade dos patrocinios que se pretenden, polo que poderá adoptar unha decisión sobre a celebración dos correspondentes procedementos contractuais para o patrocinio dos indicados eventos. A decisión terá en conta a natureza e obxecto dos contratos, referidos a unha actuación ou representación cultural ou artística única, e os elementos valorativos que debe ter en conta a administración, relativos á atracción do turismo cultural e de ocio, impacto publicitario, e rendibilidade en termos sociais e económicos do investimento no espectáculo, ponderando a aptitude do evento para a difusión de imaxe de marca, así como a idoneidade do evento proposto para a utilización dos logos e imaxe corporativa do Xacobeo 2027.



- *Inicio e tramitación dos correspondentes procedementos de contratación.* Se se decide pola administración autonómica o inicio dos procedementos de contratación, a través da Axencia de Turismo de Galicia, consellería ou entidade competente en cada caso, estes terán a natureza de contratos privados de patrocinio publicitario adxudicados mediante o procedemento negociado sen publicidade, de acordo co previsto nos artigos 26 e 168.a).2º da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, tendo en conta que o seu obxecto será unha representación cultural ou artística única e, se procede, tendo en conta a protección de dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual ou industrial. De acordo co indicado, a administración poderá aprobar os correspondentes expedientes de contratación e iniciar os correspondentes procedementos negociados sen publicidade para a formalización dos contratos privados de patrocinio, de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro. A estes efectos, a administración poderá dirixirse aos operadores económicos que presentaron as súas iniciativas, proxectos e ideas, para invitarlles a presentar a súa proposición de acordo co establecido na indicada lexislación e nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que se aproben. No seo do procedemento negociado, a administración, poderá negociar cos operadores para axustar os importes do patrocinio, as condicións de execución, os compromisos de visibilidade institucional e calquera outro aspecto necesario para asegurar a coherencia do proxecto coas prioridades estratéxicas do Xacobeo.
- *Formalización dos contratos.* Os patrocinios que se acorde realizar formalizaranse mediante contratos privados de patrocinio publicitario, consonte ao previsto na Lei 9/2017, do 8 de novembro. Estes contratos recollerán os compromisos de visibilidade institucional, a incorporación das marcas Xunta de Galicia, Galicia Calidade e Xacobeo 2027, así como as obrigas específicas de execución.



- *Execución e seguimento.* A entidade patrocinada asumirá a responsabilidade plena da execución do proxecto, mentres que a Administración establecerá mecanismos de control e seguimento para verificar o cumprimento dos compromisos adquiridos e avaliar o impacto das actuacións.

VIII. Criterios de avaliación das propostas pola Comisión de Avaliación e requisitos de capacidade e solvencia dos operadores económicos

Criterios de avaliación

A avaliación das propostas presentadas polos operadores económicos realizarase pola Comisión de Avaliación con base nos criterios que se determinen na correspondente convocatoria. A título orientativo, e sen prexuízo da súa concreción na convocatoria, establécense os seguintes criterios de avaliación:

1. Atendendo á finalidade para a administración de obter un retorno publicitario, en termos de proxección e promoción de Galicia como destino turístico e de promoción do ano santo Xacobeo, serán obxecto de valoración prioritaria os seguintes aspectos:

a) Impacto económico.

- Capacidade para atraer visitantes e incrementar o gasto turístico; creación de emprego directo e inducido derivado da atracción de visitantes;

- Dinamización do tecido empresarial e das cadeas de subministración derivada da atracción de visitantes;

- Proporcionalidade e eficiencia do financiamento público solicitado, para o que se valorarán os resultados da promoción derivada do patrocinio e a súa relación coa contraprestación económica solicitada da administración. En particular valorarase positivamente que o importe solicitado represente unha porcentaxe reducida respecto do custo total do proxecto, en coherencia co carácter complementario do patrocinio público.



b) Impacto reputacional e mediático. Proxección das marcas Xunta de Galicia, Galicia Calidade e Xacobeo 2027; cobertura en medios e redes sociais; capacidade para posicionar Galicia como destino cultural e turístico de referencia.

2. Creación de valor público. Se valorará de forma complementaria a incorporación de criterios de innovación, sostibilidade, igualdade e impacto territorial, en coherencia cos valores do Xacobeo e coas políticas públicas da Xunta de Galicia, de maneira que os patrocinios contribúan ao desenvolvemento sostible e á cohesión territorial. Teranse en conta a visibilización de boas prácticas de sostibilidade social e medioambiental, que sirvan de referencia para o sector cultural e turístico galego. Deste modo, valoraranse os compromisos adicionais nos seguintes aspectos:

a) Impacto social e cultural. Fortalecemento das industrias culturais e creativas no territorio de execución do contrato; promoción da participación cidadá; vertebración territorial; visibilización e prestixio do talento artístico galego.

b) Innovación e sostibilidade. Incorporación de formatos creativos e innovadores; boas prácticas ambientais e sociais; accesibilidade universal; inclusión e diversidade.

3. Outros aspectos que serán obxecto de valoración:

- Capacidade de execución, incluíndo licenzas, permisos e dereitos de propiedade intelectual.
- Capacidade para mobilizar financiamento complementario, incluíndo achegas doutros patrocinadores ou ingresos propios derivados da explotación do evento, reforzando a viabilidade económica da proposta e o carácter complementario da achega pública.
- Valorarase positivamente a contratación dun seguro de responsabilidade civil con coberturas superiores ás mínimas legalmente exixidas cando a natureza, aforo ou características do evento así o recomenden. Así mesmo, poderá valorarse de forma positiva a contratación doutros seguros



adicionais axeitados ao tipo de evento -como pólizas de "no-show", cancelación ou cobertura de riscos climatolóxicos-, especialmente relevantes.

- Nos eventos que incorporen servizos gastronómicos ou oferta de restauración, valorarase positivamente o uso de produtos de temporada e saudables de proximidade, favorecendo a redución da pegada de carbono e os principios de sostibilidade asociados ao Xacobeo 2027.

A avaliación basearase en indicadores que permitan avaliar con rigor o retorno económico, social, cultural e reputacional dos patrocinios.

Requisitos de capacidade e solvencia dos operadores económicos

A comprobación da capacidade e solvencia económica e financeira e técnica dos operadores económicos comprobarase no eventual procedemento de contratación de acordo coas regras da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público. Na convocatoria indícarase de forma orientativa, a solvencia que a administración ten previsto esixir nos pregos, aos efectos de que os operadores económicos presenten declaración responsable de que compren coas referidas condicións, o que será requisito necesario para ser tidos en conta para a participación na convocatoria e avaliación das súas propostas, proxectos e iniciativas.

En particular, teranse en conta os seguintes aspectos:

- Experiencia contrastada na organización de eventos de magnitude semellante.
- Solvencia económica.

IX. Recursos e financiamento



O Plan Director constitúe o marco específico para a programación dos patrocinios vinculados ao Xacobeo 2027, que aplicará a administración autonómica, a través das consellerías ou entidades competentes en materia turística, cultural ou outras materias relacionadas, sen prexuízo das programacións ordinarias que continúen desenvolvendo estes departamentos e entidades. Polo tanto, este instrumento ordena exclusivamente os patrocinios asociados ao Xacobeo, respectando en todo momento a autonomía programática e operativa das políticas culturais e turísticas da Xunta de Galicia.

A programación de patrocinios vinculada ao Xacobeo estruturarase mediante unha planificación organizada en coherencia coas dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio. Este enfoque garante unha xestión previsíbel e ordenada, sen prexuízo dos recursos que a administración decida asignar en cada momento en función das súas prioridades estratéxicas.

Complementariamente, o Plan promoverá a captación de recursos privados, favorecendo a existencia de copatrocinios e establecendo un modelo de financiamento compartido que reforza a viabilidade económica dos proxectos e evita a dependencia exclusiva dos fondos públicos.

A achega pública terá carácter equilibrado e complementario, de modo que se promova a mobilización de recursos privados e se fomente a corresponsabilidade dos operadores. O financiamento dos eventos deberá contemplar:

- A achega pública de patrocinio, conforme ás contías máximas que se determinen.
- Os ingresos xerados pola explotación propia do evento (entradas, merchandising, dereitos audiovisuais, etc.).
- As achegas doutros patrocinadores, que poderán valorarse positivamente no proceso de selección.



En ningún caso a Administración terá a condición de organizadora ou coorganizadora dos eventos, limitándose ao patrocinio publicitario. A responsabilidade plena da produción, execución e financiamento complementario corresponderá aos operadores seleccionados, que deberán asumir tamén a obtención de permisos, licenzas e dereitos de propiedade intelectual.

X. Calendario de execución

O Plan Director abrangue todos aqueles eventos que estendan o seu apoio á celebración do Xacobeo 2027, durante o período 2026-2028.

A execución dos proxectos estenderase ao longo de todo o período 2026–2028 mediante unha programación continua, equilibrada e desestacionalizada, que combinará actividades distribuídas ao longo de todo o ano con fitos de especial relevancia nos momentos de maior proxección nacional e internacional. Este enfoque garante unha presenza sostida do Xacobeo en todo o territorio, reforzando a súa pegada cultural, turística e social durante o conxunto do período.

Neste marco, realizarase unha convocatoria, que se instrumentará de forma dinámica coa finalidade de aliñala coas necesidades derivadas da celebración do Xacobeo 2027 e das actuacións preparatorias.

En función das iniciativas existentes e das necesidades de programación apreciadas pola administración, poderán realizarse novas convocatorias axustadas a este Plan Director.

XI. Seguimento e avaliación

A convocatoria preverá a existencia de mecanismos de control e avaliación co obxecto de garantir a trazabilidade dos recursos públicos e medir o retorno das accións financiadas.

A avaliación terá carácter continuo e final, baseándose nos seguintes instrumentos:

- Indicadores económicos: incremento do gasto turístico, creación de emprego, volume de negocio xerado, investimento inducido.



- Indicadores sociais e culturais: participación cidadá, fortalecemento das industrias culturais e creativas, vertebración territorial, accesibilidade e igualdade de xénero.
- Indicadores reputacionais: repercusión mediática, presenza en medios nacionais e internacionais, impacto en redes sociais, posicionamento das marcas Xunta de Galicia, Galicia Calidade e Xacobeo 2027.
- Indicadores de sostibilidade: medidas de redución de residuos, eficiencia enerxética, mobilidade sostible, compensación da pegada de carbono.

XII. Transparencia e mellora continua

Co obxecto de garantir a máxima transparencia, os resultados e os indicadores de impacto asociados a cada patrocinio serán obxecto de publicación ao final do período nos canais oficiais da Xunta de Galicia, en formato accesible para toda a cidadanía.

Esta información permitirá avaliar o grao de cumprimento dos obxectivos, identificar boas prácticas e introducir as melloras necesarias a partir das leccións aprendidas. Deste xeito, garántese que o Plan Director do Xacobeo 2027 non sexa un documento estático, senón unha ferramenta dinámica, adaptable e sometida a unha avaliación constante, en coherencia cos principios de bo goberno e responsabilidade pública.

O Plan Director de Patrocinios do Xacobeo 2027 configúrase como o instrumento marco para a ordenación, planificación e execución dos patrocinios asociados a este acontecemento de excepcional relevancia. A súa aprobación pola Administración autonómica dota de seguridade xurídica, previsión e lexitimidade a todas as actuacións, garantindo igualdade de oportunidades para os operadores e maximizando o impacto social, cultural, turístico e económico do Xacobeo 2027.

O Plan constitúe, en definitiva, unha folla de ruta clara e compartida, que transforma o patrocinio nun mecanismo estratéxico de colaboración público-



privada ao servizo do desenvolvemento sostible, da proxección exterior e da cohesión territorial de Galicia.